

SOCIEDADE ANTROPOLÓXICA GALEGA

LEABHAR GABHÁLA ÉIREANN: APOXEO E DECADENCIA DO MITO GAÉLICO. CONSTRUCCIÓN E DE-CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE GAÉLICA NA GALICIA E IRLANDA.

LEABHAR GABHÁLA ÉIREANN: THE RISE AND FALL OF GAELIC MYTH. CONSTRUCTION AND DE-CONSTRUCTION OF GAELIC IDENTITY IN GALICIA AND IRELAND.

Monica O'Reilly Vazquez

Licenciatura: *Languages for International Communication*, (Applied Language and Intercultural Studies), Humanities and Social Sciences. Dublin City University, DCU, Irlanda.

MA of Arts (by Research). Dublin City University, DCU, Irlanda.

Estudante de Doutoramento, Universidade de A Coruña, UDC, Galicia.

Resumo:

En 1987 a Celtic League rechazou a Galicia como membro desta organización, deixando unha brecha profunda na identidade céltica de Galicia. Debátese neste estudo o artigo no que a Celtic League se basou para tomar esta decisión. A credibilidade histórica do *Leabhar Gabhála Éireann*, *Libro das Invasions de Irlanda*, onde Galicia xoga un papel moi importante, vai ser analizada xunto coa traxectoria da teoría do mito. Enfatizarase a importancia da toponimia como marca de identidade. A continuación analizaranse algúns exemplos da toponimia galega. Finalmente, a lingua gaélica de Irlanda se aplicará aos topónimos galegos desde estudo.

Palabras Clave: Identidade gaélica de Galicia. *Leabhar Gabhála Éireann*. Toponimia celta de Galicia. Mito e identidade. Construcción/de-construcción da identidade.

Abstract:

In 1987 the Celtic League rejected Galicia as a member of this organisation, leaving the Galician Celtic identity deeply wounded. In this study the article upon which the Celtic League based this decision will be debated. The historical credibility of the *Leabhar Gabhála Éireann*, *Book of invasions of Ireland*, in which Galicia plays an important role, will be analysed together with the myth theory. The importance of place names as a mark of identity will be emphasised. Some examples of Galician toponymy will also be analysed. Finally, the Gaelic language of Ireland will be applied to the Galician place names of this study.

Key Words: Galician Gaelic identity. *Leabhar Gabhála Éireann*. Galician Celtic Toponymy. Myth and identity. Construction and de-construction of identity.

Correo Electrónico: salsabradub@hotmail.com

Limiar

No ano 1986 a Celtic League, organización principal do Pan Celtic Movement¹, aceptou o principio de que Galicia formase parte da Comunidade Celta, aínda que segundo Berresford (2002: 21), non existía documentación histórica de que se falase ningunha lingua celta dende o século IX d. C. Berresford asegura que esta decisión foi moi controvertida dentro dos membros oficiais da Celtic League. Precisamente, a lingua celta é un dos parámetros máis relevantes para escoller os membros da Celtic League e Galicia perdeu esta lingua dende séculos. Dentro do Pan Celtic Movement isto coñécese como “*Galician Crisis*” (*ibid*: 22), vetando a Galicia como sétimo membro e orixinando unha crise interna nesta organización. A partir de aí, a Celtic League revisa de novo os criterios fundamentais de recoñecemento dunha nación celta sinalando as preguntas clave de: ¿como se pode definir unha comunidade celta?, e ¿que implica o criterio lingüístico desta organización? (*ibid*: 21-2). Kernow (en Berresford 2002) en 1989 informa:

“A Celtic people are a people who speak, or were known to have spoken within modern historical times, a Celtic language. The term “Celtic” is indicative of a linguistic group. Therefore, there are only six modern Celtic nationalities – the Irish, Scots and Manx (speaking the Goidelic or “Q” Celtic), and the Welsh, Bretons and Cornish (speaking a Brythonic or “P” Celtic)” (Berresford, 2002: 22).

Nesta declaración, a Celtic League só recoñece como membros oficiais aos países nomeados na cita que “*actualmente falan, ou que teñen falado*” a lingua celta dende o século XVI, é dicir, dende os “*tempos históricos modernos/modern historical times*” como eles os denominan. Cando se evalúa esta definición, preguntámonos, ¿por que a Celtic League escolle a data dos “*tempos modernos*” como parámetro de recoñecemento lingüístico dos países celtas? Este feito é unha contradición do párrafo que lle segue: “*o término “Celta” é indicativo dun grupo lingüístico*“. Segundo esta organización, só se recoñece un grupo lingüístico que fala a lingua celta dende os “*tempos modernos*”. Pero, ¿Que pasa cos grupos lingüísticos, como no caso de Galicia, que falou a lingua celta ou a gaélica durante centos de anos e perdeuna a causa da romanización? A Celtic League determinou claramente que os galegos non tem dereito a ser aceptados como membros nesta organización, a pesar de que falaban a lingua celta ata o século IX a. C. (2002: 21), e que según o *Leabhar Gabhála Éireann* ou *Libro das Invasións de Irlanda* foron nós os que levamos a lingua gaélica ou goidelic “Q”/“K” a Irlanda e mais a Escocia.

Como vemos na premisa da Celtic League se encontra unha grande contradición. Por un lado, para ser membro oficial hai que falar celta hoxe en día, ou dende “a idade moderna”. Por outro banda, xeneralizan que “*o término “celta” é indicativo dun grupo lingüístico*” (*ibid*), sen especificar ningún tempo na historia. Polo tanto, Galicia ten dereito a ocupar un lugar na Celtic League. Esta afirmación no primer párrafo -onde a Celtic League especifica que para ser membro desta organización hai que falar celta hoxe en día -ou polo menos ata a idade moderna- contradice os catro pilares

¹ Pan Celtic Movement: organizacios e movementos culturais e políticos que promoven o contacto dentro das nacios celtas

fundamentais da antropoloxía aplicada a Galicia basados na lingua, cultura, arqueoloxía e bioloxía ou xenética que analizarei a continuación.

No campo histórico/cultural pódese observar unha masiva presenza céltiga na Iberia a través dos autores clásicos que documentaron exhaustivamente a estancia destes pobos indoeuropeos, incluíndo Galaecia (Plinio, Heródoto, Ptolomeo, Julio César, Diodoro de Sicilia, Dionisio de Halicarnaso, Keating etc.). Esta presenza celta ou indoeuropea é confirmada tamén polos investigadores de hoxe en día como Alberro (2009), Sainero (2009), Cunliffe (1997; 2001), Benozzo (2007; 2009; 2010), Alinei (2006; 2009) etc. Os recentes estudos de xenética liderados polo xenicista Bradley e apoiado por un equipo interdisciplinar (xenética, bioloxía, lingua, arqueoloxía das universidades Trinity College Dublin, and Leeds e Cambridge na Inglaterra), afirman que:

“The affinities of the areas where Celtic languages are spoken, or were formerly spoken, are generally with other regions in the Atlantic zone, from northern Spain to northern Britain. (Online: Bradley, 2004).

Esta cita coincide cos amplos estudos de outro equipo interdisciplinario, Palaeolithic Continuity Paradigm (PCP), no tema do fenómeno do celtismo no Atlántico oeste e as illas británicas. Benozzo, un dos líderes deste equipo, aplica a ethno-lingüística ao estudo dos datos lingüísticos destas áreas, analizándoos como si éstos foran restos arqueolóxicos (Alinei 2006a; 2009; Benozzo 2007; 2009; 2010). Benozzo (online, 2010) afirma que na Europa Paleolítica e na Neolítica, existía unha ethnoxénesis celta e que o centro de gravidade das culturas celtas se localiza nas Illas Británicas e no Atlántico oeste.

Cunliffe fala dunhas conexións ancestrais na área atlántica na Idade do Bronce e observa: *“Those ancient connections continued during the Bronze Age, when these geographic regions were components of what scholars call the Atlantic Area, a well-defined socio-cultural and commercial zone which lasted for at least three millennia”* (Cunliffe 1997: 148 and 2001: 60; Koch 1991: 18-19).

Segundo esta cita, Cunliffe (*ibid*) observa na zona Atlántica unha sociedade cultural e comercialmente organizada durante tres milenios. Obviamente, para que esta organización na zona Atlántica fora eficiente, tiñase que falar nesta área unha lingua similar, é dicir, a lingua celta coas variacións do celta “-q/-k” e celta “-p”, que se conservan hoxe en día na fala dos países non romanizados ou moi pouco romanizados, como os países que integran a Celtic League. Como temos visto no caso de Galicia, os estudos de xenética confirman unha presenza celta ou indoeuropea. Neste senso Alberro (online, 2009) tamén confirma esta presenza nos campos da historia, arqueoloxía e linguística:

“The early presence of large Celtic populations in the Iberian Peninsula is thus documented by sources in the fields of history, archaeology and linguistics. Reports of a Celtic presence in this extensive territory during the Iron Age (Hallstatt period, 700-500 BC) are many and reliable. However, many scholars maintain that the Celts were already settled in this area much earlier, towards the end of the Bronze Age, and that they occupied very extensive tracts of the Iberian Peninsula for centuries (Lerner-de Wilde 1996; Lorrio 1997: passim, 1999:11-22; Powell 1983: 45-48)” (online, E-Keltoi- 2009: Volume 6).

A testemuña de Alberro (*ibid*) coincide con Cunliffe (1997) no senso de que non só houbo celtas no Atlántico oeste, as Illas Británicas e na Iberia na época do ferro², senón que é moito máis antiga do que se pensa. Os últimos estudos destes autores aseguran de que é posible unha temprana presenza indoeuropea antes da idade do ferro no arco atlántico, e coinciden coa narración do *Leabhar Gabhála Éireann*, aínda que esta é mais específica.

***Leabhar Gabhála Éireann*: ¿Narración histórica ou lenda?**

O *Leabhar Gabhála Éireann* (LGE), *Libro das Invasións de Irlanda*, asegura narrar as orixes de Irlanda e a historia dos irlandeses dende a creación do mundo ata o comezo do cristianismo nesta illa. A postura de credibilidade histórica deste libro mantívose ata o século XVIII. Pero a partir da era do raciocinio quedou descalificado como un mero *mito* no senso peiorativo de lenda, ficción, presunción, ou incluso pseudo-historia, deixando ao pobo irlandés sen orixes claros ata a chegada do cristianismo a Irlanda. Este manuscrito antigo e moi importante para os galegos xa que involucra a Galicia na historia de Irlanda.

Obsérvase que a credibilidade histórica do *Leabhar Gabhála Éireann*, antes do século XVIII era aceptada. Polo tanto este manuscrito otorgaba unha construción válida celto-gaélica, a identidade irlandesa. Pero a partir do século XVIII, cando o *Leabhar Gabhála Éireann* foi desprestixado, sucede unha de-construción da identidade gaélica, sendo substituída pola identidade anglo-saxona. Esta de-construción gaélica débese a invasión dos ingleses en Irlanda, e máis tarde converteríase nunha identificación “Anglo-Irish” como a denominan eles, impondo a lingua e cultura inglesa e sincretizando certas costumes, simboloxía e tradicións irlandesas ou gaélicas ao modo de vida inglés nesta illa. Alberro (online, 2009) compara a invasión da Galicia celta polos romanos coa invasión dos ingleses nas Illas Británicas, e o impacto deles no futuro de Escocia e Irlanda:

“The fact is that Galicia did lose the Celtic language spoken there when the Romans conquered the area and imposed Latin, as they also had done in Gaul. A parallel process took place in Britain with the arrival of Angles and Saxons and the imposition of English, a language that completely replaced Cornish and Manx, and unfortunately is still making inroads upon the remaining Gaelic-speaking areas of Scotland and Ireland” (online, *ibid*).

O futuro que observa ou predice Alberro (online) sobre a continuidade da fala gaélica na Escocia e Irlanda non é moi favorable, a causa do prestixio da lingua inglesa imposto polo colonialismo inglés nestas terras e a globalización na que estamos todos sometidos.

Lingua e Mito. Construcción e De-Construcción da Identidade.

O *mito*, ou discurso dunha nación ten unha función primordial na sociedade. Pero a traxectoria do significado do mito deu un cambio radical. O significado orixinal ven do grego *μυθος* que según Sócrates (en Partenie, 2004) significa unha narración verdadeira

² A postura histórica tradicional relaciona os celtas coa Idade do Ferro. Os estudos de hoxe en día difiren, enfatizando a presenza deles na Europa Atlántica dende a Idade do Bronce, como mostra este estudo.

ou un discurso racional. O mitólogo Segal (2004: XIII-8), observa que o mito era visto tradicionalmente como unha historia importante, pero estivo suxeito a un cambio de significado peiorativo e modernamente se considera como unha crencia falsa ou un concepto popular erróneo como hemos vistoq. Lincoln (1989: 25), no capítulo titulado “*Credibility and Authority Myth Theory*”³ afirma que a narrativa do mito era considerada válida antes do Século das Luces ou a chegada do Empirismo, mais pouco tempo despois o seu significado foi totalmente desacreditado.

Co nacemento no século XIX das novas disciplinas como antropoloxía, psicoloxía, lingüística etc. reunidas nos estudos de Ciencias Sociais e Humanidades, os estudos sobre o mito intensificáronse, ofrecendo unha nova perspectiva. Leví-Strauss (1990: 12) enfatiza neste respecto: “*I therefore claim to show, not how men think in myths, but how myths operate in men's minds without their being aware of the fact*”⁴. Leví-Strauss (1963:209) observa unha conexión intrínseca e extrínseca entre o mito e a lingua, xa que o mito, ao ter que ser narrado, é parte da fala. Polo tanto, ao recoñecer os mitos ou narracións dos nosos ancestros, construímos unha marca de identidade que dá coherencia á nosa sociedade. En cambio cando se desmitifican as nosas orixes, é dicir, cando se negan -por exemplo, afirmando que os celtas nunca existieron na Galicia, entón se de-constrúe a sociedade, cortando as raíces da identificación colectiva e cambiándoas por outra narrativa máis conveniente ao sistema político da época. Por exemplo, o mito histórico ou a narración histórica do *Leabhar Gabhála Éireann* (LGE) foi válida e crible ata a total colonización de Irlanda polos ingleses, sobre o século XVII- XVIII. Este feito coincide co apoxeo do pensamento empírico, polo tanto o mito en xeral, pasa de ser unha *narrativa verdadeira* a outra *falsa*, xunto co *Leabhar Gabhála Éireann*. Polo tanto, o *Leabhar Gabhála Éireann* escrito en gaélico ou nun irlandés antigo, é suplido polo mito anglo-saxón do *Beowulf* escrito en inglés, cargado da simboloxía e da imaxinería anglo-saxona dos colonizadores. Neste exemplo se observa que, a suplatación ou cambio do mito ou discurso dun pobo conleva un cambio político de identidade, de-construíndo ou destruindo a identidade colonizada e construíndo ou impondo a identidade dos colonizadores.

Xeografía Cultural e Política do *Leabhar Gabhála Éireann*. Paisaxe dos Asentamentos Gaélicos na Galaecia, Irlanda e nas Illas Británicas antes da Romanización.

A toponimia considérase neste estudo como marca de identidade ou distinción de certos pobos nos lugares que habitaron. Klaas Willems ao investigar os topónimos afirma: “*Proper names are complex signs with specific linguistic, pragmatic, logical, philosophical, semiotics, historical, psychological, social and jurydical properties, and hence represent a vast interdisciplinary field of study*” (2000: 86). Para os editores Berg and Voulteenaho (2009), os estudos empíricos de toponimia débense someter as disciplinas dentro das Ciencias Sociais y Humanidades. Segundo eles, a análise puramente lingüística da toponimia non é suficiente:

³ Lincoln, B. (1989). *Discourse and the Construction of Society*. Oxford: Oxford University Press.

⁴ Levi-Strauss, tradución da autora: “*Polo tanto afirmo mostrar, non como os homes pensan nos mitos, senon como os mitos operan na mente dos homes sin que estes se den conta deste feito*” (online), ver bibliografía.

“Naming a place is always a socially embedded act, one that involves power relations, the “pure” linguistic standpoint remains inadequate for the critical study of toponymy [...] we advocate an understanding of place names as “social facts” embedded in intricate cultural interrelations and tensión-filled conceptions of space” (2009: 9).

Como vemos, Berg and Voulteenaho (2009) conciben a toponimia como un núcleo espacial que abarca, no só o campo lingüístico senón o cultural e social. Na toponimia están incrustadas as relacións do poder e da presión na concepción e delimitación dun espazo xeográfico. Neste senso, Navaza (online) tamén encontra na toponimia unha conexión intrínseca entre a lingua e a historia dun lugar, e afirma: “- *“A toponimia é a memoria que a paisaxe conserva da súa historia, memoria verbal. A paisaxe conserva en forma de palabras a memoria do que aconteceu nos topónimos”* (online, Navaza, 2014). Esta teoría da toponimia, aplicareina a continuación na análise da narración milesián, en particular o capítulo XIII do *Leabhar Gabhála Éireann*.

Prácticas de nomeamento do control espacial do territorio. Paisaxe Gaélico na Galicia, Portugal, Irlanda e as Illas Británicas

Os tres últimos capítulos do *Leabhar Gabhála Éireann* (LGE), XI, XII e XIII, refiren a derradeira ou sexta conquista de Irlanda, a historia do clan gaélico que leva diferentes nomes: “Gaedhil”, “Gaedheal”, “Scots”, “Goidélico”, “Brigantes”, “Clan de Mil”, “Ithians”, “Os Milesiáns” ou “Os fillos de Mil”. De acordo co LGE, este clan, o mesmo que as outras cinco invasións de Irlanda, vén de Escitia, pero a diferenza é que son “gaélicos”. É dicir, os gaélicos son escitas pero non todos os escitas son gaélicos (Sainero: 2009). A segunda invasión de Irlanda de Partholon, é gaélica tamén, que son os ancestros dos futuros milesiáns. O *Leabhar Gabhála Éireann* narra a chegada do clan gaedhil a Iberia, liderada por Brath. Despois de que este clan gañara varias batallas, aséntase na Galaecia. Pero o fillo de Brath, Breoghan é o que acabaría gobernando Iberia dende Brigantia, hoxe en día A Coruña. Máis tarde será o seu neto Golamh ou Mil de España, de ahí ven o nome dos milesiáns. Keating en *Foras Feasa ar Éirinn* (online) afirma:

“[...] el primer rey que obtuvo la soberanía de toda España fue una persona llamada Brigus, quien construyó muchos castillos, y es el que en el Libro de las Invasiones es llamado Breoghan, abuelo de Mil de España y de él vienen los brigantes” (en Sainero, 2009: 133. Keating: libro II. XVIII, Ins. 600-606).

A continuación veremos si estes nomes aparecen na toponimia de Iberia, Irlanda e Gran Bretaña como afirman el *Leabhar Gabhála Éireann* e mais Keating:

Líderes Gaélicos Milesiáns: Territorio Toponímico da Galaecia/Galicia, Irlanda e Gran Bretaña:		
Líder do Clan	Nomes dos Clanes Milesiáns	Territorio Toponímico
Bragh	Bracarenses	Iberia/Galaecia: Braga, Bragança

Breoghan	Brigantinos	Galicia/A Coruña: Berganiños
Breoghan	Brigantes	Irlanda/Leinster, Munster: Brigantes
Breoghan	Brigantes	Inglaterra/Norte: Brigantes
Ith	Ithians	Irlanda/Munster: Brigantes/Ithians ⁵
Scota	Scottish	Scotland
Milesos/Golam/Golan	Milesiáns	Galicia: A Coruña, Golan

Os topónimos analizados neste estudo correspóndense exactamente coa narrativa do *Leabhar Gabhála Éireann*, confirmando a existencia e gran importancia que o clan gaélico tivo na Galaecia, Irlanda e algunhas zonas da Gran Bretaña.

Seguidamente expoño a miña hipótese⁶ (O'Reilly online) referente a lingua do clan gaélico: de acordo co *Leabhar Gabhála Éireann*, o clan gaélico asentado na Galaecia/Brigantia foi a derradeira invasión de Irlanda. Polo tanto, este clan gaélico levou a lingua gaélica con eles a Irlanda. Esta lingua gaélica do clan gaélico, falábase na Galaecia/Galicia –segundo a toponimia exposta-, antes da invasión romana que a foi exterminando. Dende nena, eu observaba que moitos nomes de lugares en Galicia non tiñan significado nin en galego, nin castelán. Anos despois cando estudaba a miña carreira e MA by Research en Dublín, ocurriuseme que estes topónimos sen tradución, eran a fala gaélica dos nosos antepasados. Os gaélicos da Galicia levaron a fala a Irlanda, entón apliquei o irlandés antigo, ou gaélico aos topónimos sin tradución da Galicia. Veámos varios exemplos:

Boiro, provincia de A Coruña, Galicia. Boiro non ten significado nin en galego nin castelán xa que son linguas derivadas do latín. Agora vou descompoñer o nome: /Boir –o/, si aplico a lingua gaélica de Irlanda, /Boir/ significa “sitio rocoso”, e /o/ é unha terminación latina. Polo tanto, Boiro, significa: sitio rocoso. **Patrimonio cultural de Boiro**: no Concello de Boiro encóntrase o Centro Arqueolóxico de Barbanza, nas inmediacións do conxunto arqueolóxico formado polos "Castros de Neixón" (online).

Carnota, provincia de A Coruña, Galicia. Carnota non ten significado nin en galego nin castelán. Ao descompoñer o topónimo: /Carn –ota/ vemos que é un nome gaélico latinizado, xa que /Carn/ en gaélico significa “pedra ou rocha grande”, e /–ota/ é un aumentativo latino. Polo tanto Carnota, aplicando o gaélico, significa: pedra ou rocha

⁵ W. Steuart Trench (2011: 366), afirma que os Ithians levan o nome de Ith, un dos fillos de Breoghain e pertencen ao Clan dos Brigantes. Tamén se coñecen como Lughaidh ou Lugadians. .

⁶ Ver Master by Research: Monica O'Reilly Vazquez, *Ritual and Myths between Ireland and Galicia. The Irish Milesian Myth in the Leabhar Gabhála Éireann: Over the Ninth Wave. Origins, Contacts and Literary Evidence*, MA Dissertation by Research, Dublin City University, 2011.

grande. **Patrimonio Cultural de Carnota:** castro de Mallou (online); numerosos petroglifos (online). Algúns destes petroglifos coinciden cos do municipio de Montalegre no norte de Portugal, zona que formou parte da Galaecia pre-romana.

Vexamos o último exemplo⁷ neste estudo:

Dumbría, provincia de A Coruña, Galicia. Dumbría non ten significado nin en galego nin castelán xa que son linguas derivadas do latín. Ao descompoñer o topónimo: /Dun –Bri –a / observamos que é un nome gaélico latinizado, xa que /Dum ou Dun/ en gaélico significa “forte ou castro”, /Bri ou Bre/ en gaélico significa “colina”, /a/ é unha terminación latina. Polo tanto Dumbría, aplicando o gaélico, significa: forte ou castro da colina. **Patrimonio cultural de Dumbría:** de acordo co Concello de Dumbría, “*nos encontramos con la “cultura de los castros”, antiguas fortificaciones de origen celta. Éstas, al igual que las mámoas, abundan por todo el concello, destacando los Castros de Teixoeiras, el Castillo de Logoso, el castro de Regoelle, el de Alvarellos y el de Berdeogas*” (online).

Vemos nos exemplos deste estudo un fenómeno de palimpsesto, é dicir, un estrato gaélico latinizado baseado na pronunciación fonética do gaélico ao latín. Este fenómeno de palimpsesto deuse tamén na toponimia de Irlanda. Os ingleses na Irlanda cambiaron os nomes da toponimia gaélica cun efecto de palimpsesto, é dicir, cun estrato gaélico e inglés, baseado na pronunciación fonética do gaélico, pasada ao inglés. Por exemplo: Tradución fonética, cambiando a toponimia gaélica irlandesa na súa aproximación sonora ao inglés, sin significado nesta última lingua: ex. Dun na Gael (gaélico irlandés) = Donegal (en inglés e carece de significado nesta lingua).

Tamén se observa que a toponimia de este estudo apoia unha cultura castrense, típica dos celtas e que se recoñece como Patrimonio Cultural de Galicia.

Conclusión

Considerando a teoría da toponimia traída a este estudo, e aplicándoa ao análise da toponimia galega, portuguesa, e irlandesa, obsérvase que estes nomes de lugares nos informan e confirman que o “clan gaélico dos brigantes” estivo asentado durante moito tempo nestas terras, como o afirma o *Leabhar Gabhála Éireann*. Así mesmo, a decisión da Celtic League de non recoñecer a Galicia como membro desta organización, -segundo vimos no limiar deste estudo-, carece dun fundamento. A toponimia galega proba que os gaélicos brigantes de Galicia levaron a Irlanda a súa fala, e aínda que os galegos a perderon por consecuencia da romanización, o gaélico está presente nos nomes de moitos lugares nos territorios mencionados. Esta toponimia está apoiada por unha cultura castrense típica dos gaélicos/celtas, nas áreas estudadas. Hai que enfatizar que a toponimia debe ser analizada nun contexto lingüístico, social, cultural, etc. como postulan Berg and Voulteenaho (2009).

Consecuentemente, 1) Galicia é a cuna por excelencia da identidade gaélica, tendo ela transferido o gaélico a Escocia e Irlanda, países incluídos na Celtic League. UNESCO

⁷ Si é do teu interés, ver o meu análise dos topónimos no Congreso da Asociación de Estudos Galegos: *Identidade Celtica de Galicia. Toponimia Comparada del Gaélico-Irlandés y el Gallego* (2009), e no meu MA by Research 2011 online.

(online) define o patrimonio da humanidade como tanxible e intanxible. A Galicia gaélica entra nos parámetros desta definición⁸. Polo tanto, a Celtic League, ao non recoñecer a Galicia como membro integrante, contradice a premisa da UNESCO, e vai en contra do Patrimonio Cultural e os Dereitos Humanos (1989)⁹ (Unesco, online).

2) O polémico debate de que os gaélicos, popularmente chamados celtas¹⁰, nunca habitaran na Galicia, ou incluso que nunca existiran, contradice a testemuña dos autores tanto clásicos como modernos mencionados no limiar. Hai que ter tamén en conta que a narración do *Leabhar Gábhála Éireann* coincide coas narracións das crónicas escocesas *Chronica Gentis Scotorum*, e do *Mabinogion* galés.

3) Por outra banda, a revisión da traxectoria da teoría do mito, xunto ao exame da credibilidade do *Leabhar Gabhála Éirean* nesta investigación a través da toponimia, pódese concluir que ambos foron obxecto dunha depreciación e censura por parte dun sistema político que rompeu coas raíces e a tradición, neste caso do pobo galego e irlandés. No caso de Irlanda, a narrativa contemporánea de identidade substitúe á gaélica pola anglo-saxona. No caso de Galicia, a tradicional identidade gaélica impresa na nosa cultura, toponimia e sentir, segue sendo substituído pola forte romanización que aínda sofremos e que o sistema político impón. Vésaxe o exemplo do nome do “Farum Brighantium” ou “Torre Breogan” na Coruña chamado así ata o século XI, é substituído polo nome: “Torre de Hércules”. Galicia segue inmersa no sincretismo romano, e máis tarde godo: primeiro centralizado na antiga Roma e despois na Castela da Idade Media.

4) Finalmente, a construción do mito no senso de narrativa racional dun pobo como vimos, é a marca de identidade dunha sociedade, xa que o mito é a súa raíz. O mito define as fronteiras abstractas dando coherencia as súas xentes. A recente deconstrución do mito, dende o século XVIII, ten un efecto devastador na sociedade contemporánea e o seu patrimonio cultural, desarraigando aos individuos que non saben das súas orixes, preparándoos así para unha nova construción: a globalización. En definitiva, a deconstrución do mito é o mais poderoso instrumento de control co obxectivo de moldear unha nova sociedade co fin de dominala. Malinowski (1992) observa, como primordial, a función y a finalidade do mito na sociedade:

” [...] *an intimate connection exists between the word, the mythos, the sacred tales of the tribe, on the one hand, and their ritual acts, their moral deeds, their social organization, and even their practical activities, on the other*” (1992: 96).

Eu declaro que pertenzo ao “*Clanna Breoghain*”.

Bibliografía

ALBERRO, M. *Celtic Legacy in Galicia*. [Online]. E-Keltoi, Journal of Interdisciplinary Celtic Studies. Volume 6/The Celts in the Iberian Peninsula. 2009

⁸ Actualmente estou investigando este tema.

⁹ UNESCO: Texto de la Convención para la Salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial

¹⁰ Este tema require outro estudo

https://www4.uwm.edu/celtic/ekeltoi/volumes/vol6/6_20/alberro_6_20.html

[Accessed 21st July 2015]

ALBERRO, M. *Lebor Gabála. Gijón*: Ediciones Trea S.L. 2007

BENOZZO, F. *Words as Archaeological Finds. A Further Example of the Ethno-Philological Contribute to the Study of European Megalithism* 72. *The European Archaeologist* 32 (2010) in press. 2010. [Online] Available:

http://www.continuitas.org/texts/benozzo_words.pdf [Accessed 19th July 2015]

BERG, L. and Voulteenaho, J. (editores). *Critical Toponymies. The Contested Politics of Place Naming*. [Online] England: Ashgate Publishing Limited. 2009:

<http://www.ashgate.com/isbn/9780754674535> [Accessed 16th July 2015]

BERRESFOR, P. *Celtic Dawn*. Wales: Y Lolfa Cyf, Talybont, Ceredigion SY24 5AP2002. 2002

BRADLEY, D. *The Longue Durée of Genetic Ancestry: Multiple Genetic Marker Systems and Celtic Origins on the Atlantic Facade of Europe*. [Online], 2004:

<http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC1182057/> [Accessed 11th July 2015]

PROJECT GUTENBERG. Brigantes. [Online], 2015:

<http://self.gutenberg.org/articles/Brigantes> [Accessed 18th July 2015]

CENTRO ARQUEOLÓGICO DE BARBANZA: "*Castros de Neixón*". [Online]. 2007:

<http://www.centroarqueoloxicoobarbanza.org/es/localizacion.asp> [Accessed 20th July 2015]

CLEMENTE, A. *Un interesante estudio permite localizar diez nuevos petroglifos en Carnota (Galicia)*. [Online], 2015:

<http://www.historiayarqueologia.com/profiles/blogs/un-interesante-estudio-permite-localizar-diez-nuevos-petroglifos-> [Accessed 20th July 2015]

CONCELLO DE DUMBRIA. [Online], 2015:

<http://www.dumbria.com/texto.php?ids=13&i18n=1> [Accessed 20 July 2015]

CUNLIFFE, B. *Facing the Ocean. The Atlantic and its Peoples (8000 BC-AD 1500)*. Oxford: Oxford University Press. 2001.

KEATING, G. *The History of Ireland*. Section XVIII. [Online]

<http://www.ucc.ie/celt/online/T100054/text028.html> [Accessed 8th May 2015]

LÉVI-STRAUSS, C. *Structural Anthropology*. United States of America: Basic Books. 1963

LÉVI-STRAUSS, C. *Mithologiques*. Volume One: 12. USA: Library of Congress Cataloging in Publication Data. [Online] 1990:

https://books.google.es/books?id=BmkKavks2P4C&pg=PA12&lpg=PA12&dq=I+there+fore+claim+to+show,+not+how+men+think+in+myths,+but+how+myths+operate+in+men%27s+minds+without+their+being+aware+of+the+fact.%E2%80%9D&source=bl&ots=3NzgV4_E-T&sig=Wn6whV3D-8NmRPuGasBJE-KGLAk&hl=en&sa=X&ei=zp6eVaXIBovvUu30iKgL&ved=0CCIQ6AEwAA#v=onepage&q=I%20therefore%20claim%20to%20show%2C%20not%20how%20men%20think%20in%20myths%2C%20but%20how%20myths%20operate%20in%20men's%20minds%20without%20their%20being%20aware%20of%20the%20fact.%E2%80%9D&f=false

LINCOLN, B. *Discourse and the Construction of Society*. Oxford: Oxford University Press. 1989

MacMANUS, S. *The Story of the Irish Race*. New York: Library of Congress Cataloging-in-Publication Data. [Online], 2005:

<https://books.google.es/books?id=Y91ZHuZLCyAC&pg=PA41&lpg=PA41&dq=Ithians+descendants+of+Ith&source=bl&ots=89PpYzIQu1&sig=CQCgsY5HaPcwn07KQbaJXjSDI4&hl=en&sa=X&ved=0CCkQ6AEwAmoVChMIgLa18p7fxgIVBmkUCh0VXA Vw#v=onepage&q=Ithians%20descendants%20of%20Ith&f=false> [Accessed 16th July 2015]

NAVAZA, G. *A Toponimia é a Memoria Verbal da historia*. Vigo: La Voz de Vigo, 18 de junio de 2014. [Online], 2014:

http://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2014/06/18/toponimia-e-memoria-verbal-da-historia/0003_201406V18C6994.htm [Accessed 17th July 2015]

O'REILLY, M. *Ritual and Myths between Ireland and Galicia. The Irish Milesian Myth in the Leabhar Gabhála Éireann: Over the Ninth Wave. Origins, Contacts and Literary Evidence*. MA Dissertation. Dublin. Dublin City University. [Online] 2011:

http://www.continuitas.org/texts/vazquez_ritual.pdf [Accessed 9th July 2015]

PARTENIE, C. *Plato Selected Myths*. New York: Oxford University Press. 2004

PROXECTO DE ARQUEOLOXÍA. Carnota. Castro de Mallou. [Online]. 2013:

<https://www.flickr.com/photos/torredosmouros/9392908976/> [Accessed 20th July 2015]

SAINERO, R.. *Lebor Gabhála*. Madrid: Ediciones Akal, S.A. 2010

SAINERO, R. *Los Orígenes Celtas del Reino de Brigantia*. Madrid: Abada Editores. 2009

SEGAL, R. *Myth a Very Short Introduction*. New York: Oxford University Press. 2004

UNESCO, *Texto de la Convención para la Salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial*. [Online], 1995-2012:

<http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?lg=es&pg=00006> [Accessed 19th July 2015]

UNESCO, *What is meant by Cultural Heritage*. [Online], 2015:

<http://www.unesco.org/new/en/culture/themes/illicit-trafficking-of-cultural-property/unesco-database-of-national-cultural-heritage-laws/frequently-asked-questions/definition-of-the-cultural-heritage/> [Accessed 19th July 2015]

STEUART, W. *Realities of Irish Life* (366). Cambridge: Cambridge University Press. 2011